



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Emprego
e Formación



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia

Número de expediente: 2014/000105-5
CISFORMEDIA, S.L.
AV. RAMON NIETO, Nº 133, BAIXO
36205 VIGO
PONTEVEDRA

Logo de examinar o expediente relativo á solicitude de acreditación presentado pola entidade CISFORMEDIA, S.L..

SUPOSTOS DE FEITO

PRIMEIRO: A entidade CISFORMEDIA, S.L., sita na avenida Ramón Nieto 133-baixo en Vigo, solicitou a acreditación dos certificados de profesionalidade que se indican a continuación, para a súa inclusión no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar:

ADGD0210 - Creación e xestión de microempresas (15 alumnos, aulas 1 e 2)
ADGD0308 - Actividades de xestión administrativa (15 alumnos, aulas 1 e 2)
IFCD0110 - Confección e publicación de páxinas Web (15 alumnos, aulas 1 e 2)
IFCD0210 - Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías Web (15 alumnos, aulas 1 e 2)

SEGUNDO: Por parte da entidade de formación CISFORMEDIA, S.L., achegouse a documentación esixida no artigo 6.2 do Decreto 106/2011, do 19 de maio.

TERCEIRO: O persoal técnico da xefatura territorial de Pontevedra, efectuaron a preceptiva visita ao centro/entidade e emitiron o correspondente informe, co visto e prace do/a xefe/a territorial, en cumprimento do disposto no art. 6.3 do Decreto 106/2011, do 19 de maio.

O/a xefe/a territorial ditou proposta de resolución en cumprimento do disposto no artigo 4 do antedito decreto.

Logo de ver o Real decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, o Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e a demais normativa de xeral aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A competencia para resolver o presente expediente correspóndelle á directora xeral de Emprego e Formación, de conformidade co establecido no art. 6º.3) do Decreto 106/2011, do 19 de maio.

SEGUNDO: Revisado o expediente, obsérvase que a entidade solicitante reúne as condicións e cumpre os requisitos mínimos esixidos no Decreto 106/2011, do 19 de maio, para as especialidades/certificados de profesionalidade que se sinalan máis adiante, no punto primeiro da parte dispositiva.





TERCEIRO: Tendo en conta que na tramitación do expediente se observaron as normas que para o efecto se establecen no Decreto 106/2011, do 19 de maio e na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

DISPOÑO

1.- ACREDITAR á entidade CISFORMEDIA, S.L. para a impartición dos certificados de profesionalidade seguintes:

ADGD0210 - Creación e xestión de microempresas

ADGD0308 - Actividades de xestión administrativa

IFCD0110 - Confección e publicación de páxinas Web

IFCD0210 - Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías Web

Asignándolle o número 36H03240 no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Consellería de Traballo e Benestar.

2.- Comunicarlle ao devandito centro que deberá cumprir as obrigas sinaladas no artigo 31 da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, de 23 de marzo, modificada pola Orde ESS/1726/2012, de 2 de agosto, e no artigo 7º) do decreto 106/2011, e que as especialidades e os centro/entidade poderán causar baixa no rexistro polas causa previstas nos artigos 32º) da devandita Orde TAS e no artigo 8º) do Decreto 106/2011, do 19 de maio, así como por aquelas outras establecidas ou que se poidan establecer en disposicións de carácter xeral.

3.- Notifíquese aos interesados a presente resolución para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira de Traballo e Benestar no termo dun mes contado desde a súa notificación de acordo co establecido no artigo 114, seguintes e concordantes, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2015

A directora xeral de Emprego e Formación,

Ana M^a Díaz López

